

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

1320 *Corrección de erros do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.*

Advertidos erros no Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 261, do 31 de outubro de 2015, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, na disposición derogatoria única, número 22, na segunda e terceira liñas, onde di: «... e a disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011,...», debe dicir: «... e o número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011,...».

Na páxina 9, índice, onde di: «Artigo 164. Recarga das prestacións económicas derivadas de accidente de traballo e enfermidade profesional.», debe dicir: «Artigo 164. Recarga das prestacións económicas derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional.».

Na páxina 14, índice, onde di: «Artigo 320. Base reguladora en determinados supostos de exoneración de cotas.», debe dicir: «Artigo 320. Base reguladora nos supostos de cotización con 65 ou máis anos de idade.».

Na páxina 42, artigo 53, número 2, onde di: «... artigo 1.973 do Código civil...», debe dicir: «... artigo 1973 do Código civil...».

Na páxina 79, artigo 124, número 1, onde di: «1. A Comisión Asesora do Fondo de Reserva da Seguridade Social...», debe dicir: «1. A Comisión Asesora de Investimentos do Fondo de Reserva da Seguridade Social...».

Na páxina 98, artigo 170.4, onde di: «Así mesmo, establecerase regulamentariamente...», debe dicir: «Así mesmo, de acordo co previsto na disposición adicional décimo novena da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social, establecerase regulamentariamente...».

Na páxina 145, artigo 270, número 4, onde di: «... será a media das bases pola cal se cotízase...», debe dicir: «... será a media das bases polas cales se cotízase...».

Na páxina 148, no artigo 272.1.c), cuarta liña, onde di: «... que causen alta inicial no réxime especial...», debe dicir: «... que causen alta no réxime especial...».

Na páxina 157, artigo 287, número 4, parágrafo primeiro, onde di: «... en actividades suxeitas ao sistema especial agrario da Seguridade Social...», debe dicir: «... en actividades suxeitas ao sistema especial para traballadores por conta allea agrarios...».

Na páxina 157, artigo 287, número 4, parágrafo segundo, onde di: «... as xornadas reais cubertas no sistema especial agrario da Seguridade Social...», debe dicir: «... as xornadas reais cubertas no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios...».

Na páxina 158, artigo 287, número 6, alínea a), onde di: «... as xornadas reais cubertas no sistema especial agrario da Seguridade Social...», debe dicir: «... as xornadas reais cubertas no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios...».

Na páxina 158, artigo 287, número 6, alínea b), onde di: «... as xornadas reais cotizadas no sistema especial agrario da Seguridade Social...», debe dicir: «... as xornadas reais cotizadas no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios...».

Na páxina 165, artigo 305, número 2, alínea d), onde di: «... a que se refire o artigo 1.2.b) da Lei 20/2007.», debe dicir: «... a que se refire o artigo 1.2.b) da Lei 20/2007, do 11 de xullo.».

Na páxina 185, artigo 347, número 1, alínea a), onde di: «a) Solicitar á mesma mutua colaboradora da Seguridade Social...», debe dicir: «a) Solicitar á mesma mutua colaboradora coa Seguridade Social...».

Na páxina 190, artigo 361, número 1, onde di: «... o dereito a percibila só poderá ser recoñecido en favor dun deles.», debe dicir: «... o dereito a percibilas só poderá ser recoñecido en favor dun deles.».

Na páxina 193, no artigo 367.1, onde di: «1. O grao de discapacidade ou da enfermidade crónica padecida,...», debe dicir: «1. Poderán ser constitutivas de invalidez as deficiencias, previsiblemente permanentes, de carácter físico ou psíquico, conxénitas ou non, que anulen ou modifiquen a capacidade física, psíquica ou sensorial dos que as padecen. O grao de discapacidade ou da enfermidade crónica padecida,...».

Na páxina 194, artigo 373, número 1, alínea b), onde di: «b) O Instituto Nacional de Maiores e Servizos Sociais,...», debe dicir: «b) O Instituto de Maiores e Servizos Sociais,...».

Na páxina 194, artigo 373, número 3, onde di: «... os servizos do Instituto Nacional de Maiores e Servizos Sociais...», debe dicir: «... os servizos do Instituto de Maiores e Servizos Sociais...».

Na páxina 204, na disposición adicional vixésimo terceira, o número 2 substitúese polo seguinte: «2. Os empresarios, excluída a Administración pública e as entidades, organismos e empresas do sector público, dedicados a actividades encadradas nos sectores de agricultura, pesca e acuicultura; industria, excepto enerxía e auga; comercio; turismo; hostalaría e resto de servizos, excepto o transporte aéreo, construción de edificios, actividades financeiras e de seguros e actividades inmobiliarias, nas cidades de Ceuta e Melilla, respecto dos traballadores que presten servizos nos seus centros de traballo situados no territorio das ditas cidades, terán dereito a unha bonificación do 50 por cento nas súas achegas ás cotas da Seguridade Social por contingencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, formación profesional e Fondo de Garantía Salarial».

Na páxina 207, na disposición transitoria cuarta, número 3, sétima e oitava liñas, onde di: «... da correspondente autorización do Ministerio de Traballo e Seguridade Social», debe dicir: «... da correspondente autorización do entón Ministerio de Traballo e Seguridade Social».

Na páxina 215, disposición transitoria décimo sexta, número 2, onde di: «... en función das bases de cotización a que se refiren os ordinais 1.º e 2.º e 3.º do punto 1.a)...», debe dicir: «... en función das bases de cotización a que se refiren os ordinais 1.º, 2.º e 3.º do punto 1.a)...».

Na páxina 222, disposición derradeira cuarta, onde di: «... A súa regularización farase...», debe dicir: «... A súa regulación farase...».

Na páxina 223, na disposición derradeira oitava, segundo parágrafo, onde di: «O Goberno aprobará, así mesmo, cantas outras disposicións resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto nesta lei.», debe dicir: «O Goberno aprobará, así mesmo, cantas outras disposicións resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto nesta lei. En particular, habilítase o Goberno para regular, dentro da acción protectora por desemprego e co réxime financeiro e de xestión establecido no capítulo VI do título III desta lei, o establecemento dunha axuda específica denominada renda activa de inserción, dirixida aos desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral.»